

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 24 de xaneiro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA ACCIÓNS PREVENTIVAS MEDIANTE PLANTACIÓN DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS NA REDE DE FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA DEFINIDAS NO PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE INCENDIOS FORESTAIS NO PERÍODO 2018- 2019. CONVOCATORIA PARA 2019.

Expediente: 2019/X999/000017

O Concello de Ames aprobou o 30 de decembro de 2017 o Plan de Medidas Preventivas Fronte Incendios Forestais Mediante a Plantación de Frondosas Caducifolias na Rede de Faixas Secundarias de Xestión de Biomasa definidas por la Lei 3/20017 e as modificacións establecidas na lei 7/2012 de montes de Galicia e a lei 9/2017 de medidas fiscais e administrativas.

Co fin de dar estabilidade a este programa é polo que no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames para o período 2017-2019 se incluíu a liña de subvencións en réxime de concorrencia competitiva de carácter anual para impulsar a repoboación das faixas de xestión de biomasa con especies de frondosas caducifolias denominada “Axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa”.

Con base ao anterior, polo departamento de medio ambiente elaborouse unha proposta de bases reguladoras da convocatoria, sendo informadas favorablemente pola Secretaría e Intervención municipal

En base a todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 480/2016) e por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria das bases reguladoras das axudas para accións preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa definidas no plan de medidas preventivas fronte incendios forestais no período 2018- 2019 proceder a súa convocatoria para 2019

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo I deste acordo.

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 18.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 1728.48901 do orzamento municipal en vigor.

Cuarto.- Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA ACCIÓNS PREVENTIVAS MEDIANTE PLANTACIÓN DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS NA REDE DE FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA DEFINIDAS NO PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE INCENDIOS FORESTAIS NO PERÍODO 2018- 2019

O concello de Ames ten a competencia da ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 y 9.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O sistema de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia está formado polo conxunto de medidas e accións dirixidas á prevención e protección do monte contra os incendios forestais. Estas medidas e accións comprenden a sensibilización, planificación, ordenación do espazo forestal e agrario, silvicultura, infraestruturas, vixilancia preventiva, detección, combate e control a levar a cabo polas administracións e entidades implicadas no ámbito da defensa contra os incendios forestais

Neste sentido o concello de Ames aprobou o 30 de decembro de 2017 o Plan de Medidas Preventivas Fronte Incendios Forestais Mediante a Plantación de Frondosas Caducifolias na Rede de Faixas Secundarias de Xestión de Biomasa definidas por la Lei 3/20017 e as modificacións establecidas na lei 7/2012 de montes de Galicia e a lei 9/2017 de medidas fiscais e administrativas.

Co fin de dar estabilidade a este programa é polo que no Plan estratéxico de subvencións do concello de Ames para o período 2017-2019 se incluíu a liña de subvencións en réxime de concorrencia competitiva de carácter anual para impulsar a repoboación das faixas de xestión de biomasa con especies de frondosas caducifolias denominada "Axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa".

OBJECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS
Mellorar a prevención nos núcleos de poboación e vivendas illadas fronte os incendios forestais mino- rando ademais a perda de biodiversidade	Reverter a percepción negativa, que adoita ter o cumprimento das obrigas legais de medidas preventivas relacionadas coa propiedade de terreos de carácter forestal, facilitando a mobilización de condutas que incidan na xestión sostible do noso medio, e incidindo en recuperar actitudes motivadas en relación co entorno máis inmediato. Conseguido beneficios complementarios ao estritamente protector, como poden ser a obtención de aproveitamentos non madeireiros; beneficios medioambientais (incremento de biodiversidade, equilibrio de hábitat, protección do solo, fixación do carbono atmosférico, protección fronte a especies invasoras); beneficios sociais (proxecto colectivo e común, revalorización e accesibilidade do monte, recuperación das prácticas tradicionais); beneficios económicos (evitar sancións por incumprila lei, deporte e turismo).	Proprietarios dos terreos incluídos nas franxas de xestión de biomasa prioritizadas anualmente no Plan Municipal de medidas preventivas contra incendios

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para accións preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa definidas no Plan de Medidas Preventivas Fronte Incendios Forestais 2018-2019 e que son as seguintes:

Traballos de plantación incluíndo roza, trituración de restos, planta, micorrización, subsolado, apertura de casillas e plantación no ámbito 09 Ventosa – Bosque Animado e na acotación dos ámbito 04 D: Os batáns.

1.1. Obxectivos estratéxicos

Propiciar que os espazos definidos na lei 3/2007 de Prevención e Defensa fronte a Incendios Forestais como -faixas secundarias e xestión de biomasa- sexan repoboados con especies de frondosas caducifolias de xeito que supoñan un amparo ante incendios forestais ao tempo que comporten unha mellora na biodiversidade e na recuperación de chan.

1.2. Obxectivos instrumentais

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos establécense as seguintes liñas de actuación:

A colaboración financeira na plantación de especies de frondosas caducifolias autóctonas nas faixas secundarias de xestión de biomasa definidas por lei.

Artigo 2.- Gastos subvencionables.

2.1.- Gastos subvencionados.

Terán a consideración de gastos subvencionados os derivados da plantación de especies caducifolias nas faixas secundarias de xestión de biomasa determinadas no plan de repoboación aprobado polo concello.

Actuacións obxecto de axuda:

- a).- Plan de repoboación con especies caducifolias autóctonas que contemplará a inclinación, orientación, profundidade e tipo de solo. Evitaranse os cultivos monoespecíficos polo que a especie predominante non poderá supoñer máis dun 80 % no total da plantación.
- b).- Preparación do terreo para a plantación de frondosas caducifolias:
 - a.-Trituración de restos de poda.
 - b.-Roza previa á plantación
- c).- Apertura de casillas mediante pala retroescavadora o de xeito manual dependendo das características do terreo.
- d).- Aboado
- e).- Plantación manual
- f).- Planta a raíz núa ou cepellón seleccionada por persoal municipal. A planta pertencerá ao grupo das frondosas caducifolias listados no anexo I da Lei de Montes de Galicia quedando totalmente excluídas Eucaliptos, Piñeiros, Acacias e calquera das especies recollidas Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, que foi desenvolvido posteriormente polo R.D. 630/2013, de 14 de novembro, polo que se regula o listado e catálogo español de especies exóticas invasoras.

2.2.- Momento de realización dos traballos que darán lugar aos gastos financiados.

Os traballos obxecto de subvención realizaranse nos meses de xaneiro a marzo de 2019, previa solicitude polos interesados ao concello, e de acordo co fixado no Plan de Prevención do Concello de Ames.

Artigo 3.- Orzamento e financiamento

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 18.000 euros, imputables á aplicación orzamentaria 1728.48901 do orzamento municipal en vigor.

Tendo é conta a imposibilidade de abordar a totalidade dos ámbitos definidos no PMPIF simultaneamente, cada ano priorízanse ámbitos de actuación seguindo criterios técnicos de perigosidade ante incendios forestais logo de unha recoñecemento do terreo.

Artigo 4.- Contía das achegas.

- a) En cada parcela subvencionarase un 80 % dos gastos xerados pola plantación de frondosas caducifolias . A contía da axuda calcúlase sobre o custe estimado da actuación determinada no correspondente proxecto técnico de repoboación elaborado polo concello de Ames. O plan elaborado polo concello deberá aceptarse polos interesados, está aceptación recollerase no documento Anexo II destas bases.
- b) Subvencionarase soamente a plantación na parte da parcela que se corresponda ca faixa secundaria de xestión de biomasa indicada no Plan de Prevención. Si o titular da finca decide facer a plantación de toda a parcela, recibirá asesoramento do concello pero aboará o 100 % dos custes derivados dos traballos realizados fora de faixa.
- c) Poderase subvencionar máis de unha parcela para un mesmo titular catastral atendendo as disponibilidades orzamentarias.
- d) Esta subvención será compatible con outras achegas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, a suma das achegas concedidas non poderá superar o 100% do orzamento subvencionable. A subvención do concello de Ames reducirase ata alcanzar xunto co resto das axudas declaradas o 100% do orzamento subvencionable.

Artigo 5.- Tarifa para a prestación de servizo de repoboación

As tarifas a aplicar en cada uns dos posibles traballos realizados co fin de repoboa as fincas particulares son as que figuran na ordenanza municipal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de xestión de biomasa nos espazos definidos como redes secundarias de faixas conforme a legalidade vixente.

Artigo 6. Beneficiarios

Os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas titulares de los terreos incluídos nos ámbitos que se indican no artigo destas bases, entendendo por titular tanto propietarios como arrendatarios o xestores, admitíndose a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro, en cuxo caso deberá constar documento de cesión no que se acredite que o solicitante da achega ten capacidade suficiente para dispoñer do terreo para estes usos.

O concello difundirá a presente convocatoria a través da Base Nacional de subvención e ademais comunicará aos propietarios incluídos no ámbito de actuación a posibilidade de acollerse a esta subvención.

Artigo 7. Requisitos

- 1.- Cumprir os requisitos esixidos pola lei 3/2007 de Prevención e defensa contra incendios forestais, e en concreto ter xestionada a biomasa forestal conforme ao ditado por esta lei na parcela incluída no ámbito de actuación. Os terreos deberán estar libres de eucaliptos, piñeiros e acacias. Poderanse conservar o resto das árbores sempre que cumpran as distancias legais.
- 3.- Acreditar a titularidade e referencia catastrais da/s parcelas a repoboar ou documentación que acredite a disposición dos terreos (contrato de arrendamento, documento de cesión, ou calquera outra documentación acreditativa da dispoñibilidade do terreo para estes usos).
- 4.- Ter definidos os límites da parcela.
- 5.- Non estar incurso en ningunha das causas que impidan obter a condición de beneficiarios de axudas públicas de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- 6.- Estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social. A presentación de la solicitude suporá a autorización ao órgano xestor para recadar os certificados que o acrediten.
- 7.- Ter presentado dentro no prazo establecido na convocatoria anual de axudas a documentación a que se refire o artigo 9 destas bases.

Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios

- 1.- Realizar anualmente as tarefas de xestión de biomasa dadas na lei de incendios con excepción do primeiro ano no que, a mencionada xestión, será realizada polo concello.
- 2.- Manter a superficie plantada segundo o plan de plantación acordado co Concello. Calquera transmisión do dereito sobre a superficie forestada, deberá facerse constar que a forestación está suxeita á obrigación de manter a vexetación implantada polo período inicialmente comprometido de catro anos.
3. Permitir o Concello de Ames realizar labores de estudo e seguimento das plantacións efectuadas durante catro anos sen prexuízo da propiedade do terreo e plantas introducidas que será en todo caso do particular.
4. Comunicar por escrito á concellaría de medio ambiente, no prazo máximo de 15 días desde que teña coñecemento dos feitos, calquera circunstancia que afecte ao terreo, á execución dos traballos obxecto de axuda, así como calquera variación nas condicións que lle deron dereito á concesión das axudas.
5. O incumprimento das obrigacións previstas nestas bases dará lugar á revogación das axudas e, no seu caso, ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas de incorrer nalgunha das causas establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.
6. Comunicar ao concello a concesión de outras axudas para a mesma finalidade.

Artigo 9. Solicitude de subvención

1. Previamente, as persoas interesadas deberán solicitar ao concello a elaboración do plan de medidas preventivas fronte incendios forestais mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa deste concello. A solicitude formalizarase no modelo denominado anexo I destas bases e presentarase no concello. O servizo de medio ambiente porase en contacto coas persoas interesadas, para a realización dos estudos que permitan redactar os plan de repobación acordos ca lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Nestes plans de plantación figurará o orzamento detallado das actuacións precisas para que os interesados poidan valorar a súa adhesión ao plan.

2. Elaborado o plan de repobación as persoas que estean de acordo co mesmo e queiran acollerse a esta subvención, deberán adherirse ao plan e solicitar a subvención mediante formulario denominado o anexo II destas bases, acompañado da seguinte documentación:

Copia DNI o CIF no caso de persoas xurídicas.

Documento acreditativo da titularidade e referencia catastrais da/s parcelas a repoboar ou documentación que acredite a disposición dos terreos(contrato de arrendamento, documento de cesión, ou calquera outro documento que acredite a dispoñibilidade dos terreos para esta finalidade).

3. Lugar de presentación: O documento e a documentación anexa deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Ames, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.Prazo: As persoas que desexen acollerse a esta convocatoria poderán solicitar a adhesión ao plan e as axudas dende o día da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña ata o 11 de febreiro de 2019.

Este prazo poderá ser ampliado ata o 15 de marzo de 2019, como máximo; esta ampliación poderá ser realizada previa proposta razoada da unidade xestora.

5. Publicidade: o extracto destas bases será publicado na Base Nacional de subvencións e no BOP de A Coruña.

Artigo 10. Tramitación e resolución

10.1 Tramitación

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de Medio Ambiente.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva entre as persoas definidas no artigo seis da presente convocatoria que formalicen documento de adhesión ao plan dentro do prazo indicado nesta convocatoria. A concesión será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, previo informe do Departamento de Medio Ambiente acreditativo de que da información que consta no seu poder, se derive que os solicitantes reúnen todos os requisitos para acceder á condición de beneficiarios.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente -O Alcalde

Vogais - O Concelleiro/a Delegado do Área; a responsable da Garda Ambiental, a Responsable da Aula da Natureza e o técnico local de emprego, debendo actuar un deles como secretaria da comisión.

10.2 Valoración das solicitudes.

O único criterio a considerar será o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria mediante a presentación da documentación requirida. Estimaranse todas aquelas solicitudes que cumpran os requisitos e desestimaranse aquelas que non o fagan.

No caso de que se presenten solicitudes que conjuntamente superen o importe desta convocatoria, atenderase as prioridades recollidas na última revisión das faixas secundarias de xestión de biomasa do concello de Ames.

10.3.-Notificación e publicidade da resolución de concesión.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselles a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará a contía máxima concedida. Cumprida esta condición, a concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso

contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

10.4. Aceptación da subvención.

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

Artigo 11.- Xustificación e Pagamento

A conta xustificativa da subvención, tendo en conta que os traballos de plantación os realiza o concello, entenderase presentada co informe emitido pola concellería de medio ambiente certificando os traballos realizados, que será suficiente para que se emita a liquidación. No informe detallaranse os traballos realizados e o importe dos mesmos, unha vez aplicadas as tarifas indicadas na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de xestión de biomasa nos espazos definidos como redes secundarias de faixas conforme a legalidade vixente, indicando os traballos que teñen o carácter subvencionable, e o importe da subvención, no mesmo informe indicárase si se cumpriron coas obrigas de difusión do financiamento.

No caso de que o importe da certificación fose distinto ao inicialmente proxectado no anexo II no que se acepta a adhesión ao plan, o concello de Ames asumirá como máximo a contía do 80% dos traballos e ata o límite da partida orzamentaria.

O informe emitido será elevado ao órgano competente para a aprobación da xustificación.

Das liquidacións emitidas polo 100% dos traballos de plantación, dende os servizos económicos descontarase o importe da subvención xustificada, de forma que ao propietario notificaráselle a liquidación polo importe líquido resultante, para que proceda ao seu pagamento.

Artigo 12.- Réxime sancionador

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira

Os beneficiarios de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins aos que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para accións preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do concello de Ames no ano 2019, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.


Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dgd@concellodeames.gal.

Disposición adicional cuarta

Os beneficiario/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención. Consistindo na colocación de un cartel colocado na parcela obxecto de subvención, conforme ao modelo facilitado pola concellería de medio ambiente.

ANEXO I

 <p>Concello de AMES</p>	<p>ANEXO I: SOLICITUDE DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A PLANTACIÓN DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS NA REDE DE FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA DO CONCELLO DE AMES</p>	A cubrir pola administración
		Rexistro

(Instrucións ao dorso para cumprimentar esta instancia)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/OUTROS
Enderezo / Lugar			

Parroquia	CP	Municipio	Provincia
Teléfono		Correo electrónico	

Actuando en nome propio	Representando a:
-------------------------	------------------

DATOS DO REPRESENTADO (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/OUTROS

NA CONDICIÓN DE

Titular catastral
 Arrendatario
 Xestor
 Beneficiario da cesión dos terreos

Outro: _____

Das fincas que se detallan a continuación

UBICACIÓN XEOGRÁFICA E CATASTRAL DAS FINCAS ONDE SE REALIZARÁ A PLANTACIÓN				
LUGAR	PARROQUIA	POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL

SOLICITO ao concello de Ames que realice os estudos necesarios para elaborar un plan de repoboación para os terreos indicados anteriormente acordos coa lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais, aos efectos de solicitar axudas para levar a cabo estas accións preventivas e posteriormente adherirme ao plan.

Autorizo ao concello de Ames a entrar nos terreos indicados anteriormente aos efectos de realizar os estudos necesarios para elaborar os plans.

Ames, ____ de _____ de 20

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

INSTRUCCIÓN XERAIS:

O impreso pódese cubrir a man (letra que sexa lexible) , enchendo os campos correspondentes.


Unha vez cuberto e **asinado**, presénteo nos rexistros do Concello de Ames.

Tamén pode ser presentado nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes, ou remitir mediante as formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

INSTRUCCIÓN PARTICULARES:

- Representante:** Os seus datos só se cubrirán cando se teña designada á representación que, deberá acreditarse con poder cumprido, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente ou por comparecencia.
- Coa solicitude deberá achegar unha copia do documento de identidade.

ANEXO II

 <p>Concello de AMES</p>	<p>ANEXO II</p> <p>ADHESIÓN AO PLAN DE PLANTACIÓN E SOLICITUDE DE AXUDA PARA REPOBOACIÓN CON FRONDOSAS CADUCIFOLIAS NA REDE DE FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA DO CONCELLO DE AMES</p>	A cubrir pola administración
		Rexistro

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/OUTROS
Enderezo / Lugar			
Parroquia	CP	Municipio	Provincia
Teléfono		Correo electrónico	

<input type="checkbox"/> Actuando en nome propio	<input type="checkbox"/> Representando a:
--	---

DATOS DO REPRESENTADO (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/OUTROS

NA CONDICIÓ DE

- Titular catastral
 Arrendatario
 Xestor
 Beneficiario da cesión dos terreos
 Outro: _____

• **DECLARO:**

- Que mediante este documento me adhiro ao Plan de accións preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do concello de Ames nas parcelas indicadas solicitando os seguintes traballos:

A. IDENTIFICACIÓN DOS TERREOS E A SÚA TITULARIDADE

PARCELA	
REFERENCIA CATASTRAL	
TITULAR CATASTRAL	
PROPIETARIO	
D.N.I.	
LUGAR	
SUPERFICIE TOTAL	
SUPERFICIE EN FAIXA	
DESCRIPCIÓN	

B. PLAN DE ACTUACIÓNS

Traballo	Propietario	Concello
TALA		
CLAREO		
PODA		
ROZA		
TRITURACIÓN DE RESTOS		
PLANTA		
MICORRIZACIÓN		
SUBSOLADO		
APERTURA DE CASILLAS		
ABOADO		
PLANTACIÓN		

C. PLAN DE PLANTACIÓN

ESPECIE	Nº DE PES	MARCO
DESEÑO DA PLANTACIÓN		

D. ORZAMENTO

TRABALLO	UNIDADES	PREZO UNITARIO CON IVE	TOTAL
ROZA E TRITURACIÓN DE RESTOS			
PLANTA			
MICORRIZACIÓN			
SUBSOLADO			
APERTURA DE CASILLAS			
ABOADO			
PLANTACIÓN			

• **Que me comprometo a cumprir coas seguintes obrigas:**

- Autorizar ao concello de Ames a que realicen os traballos de preparación e/ou plantación sinalados. Co compromiso de ter xestionada a biomasa forestal conforme ao ditado por esta lei na parcela incluída no ámbito de actuación. Os terreos deberán estar libres de eucaliptos, piñeiros e acacias. Todo elo con anterioridade a que se inicien os traballos de preparación e/ou plantación polo concello de Ames.
- Aboar os custos derivados dos traballos sinalados unha vez emitida a liquidación por parte do concello de Ames, autorizando a que se descuenten os importes concedidos na liña de subvencións que convoque o concello.
- Realizar anualmente as tarefas de xestión de biomasa ditadas na lei de incendios con excepción do primeiro ano no que, a mencionada xestión, será realizada polo concello.
- Manter a superficie plantada segundo o plan de plantación acordado co Concello. Calquera transmisión do dereito sobre a superficie forestada, deberá facerse constar que a forestación está suxeita á obrigación de manter a vexetación implantada polo período inicialmente comprometido
- Comunicar por escrito á concellaría de medio ambiente, no prazo máximo de 15 días desde que teña coñecemento dos feitos, calquera circunstancia que afecte ao terreo, á execución dos traballos obxecto de axuda, así como calquera variación nas condicións que lle deron dereito á concesión das axudas.
- Aceptar os mecanismos de control que con independencia dos traballos que realicen, os servizos técnicos municipais, se establezan, como garantía a favor dos intereses públicos e para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste acordo.
- Autorizar a que nos catro anos seguintes aos dos traballos realizados os traballadores municipais encargados do mantemento da franxa de especial protección, accedan a propiedade para a realización das labores de seguimento, análise e difusión dos traballos realizados

2. SOLICITO:

A concesión dunha axuda de ata o 80% para levar a cabo accións preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa nas parcelas indicadas no punto anterior e para os traballos detallados e orzamentos que figuran neste mesmo documento,

ORZAMENTO:

	Importe total do traballos do plan de Plantación
SUBVENCIÓN CONCELLO 80 %	
CUSTE A ASUMIR POLO SOLICITANTE 20 %	
TOTAL	

Aos efectos de solicitar a axuda indicada declaro:

- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso/a en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega, ao abeiro da correspondente convocatoria, comprometéndome a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Non estar incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Axencia Tributaria de Galicia e na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que SI/NON se solicitaron axudas para a mesma finalidade(No caso de que se solicitasen axudas indicar o importe: _____)
- Someterme ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Cumprir coas obrigacións previstas nas bases e reintegrar as cantidades percibidas de incorrer nalgunha das causas establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Documentación que se anexa(sinalar o que corresponda):

Copia DNI o CIF no caso de persoas xurídicas.

Documento acreditativo da titularidade e referencia catastras da/as parcelas a repoboar ou documentación que acredite a disposición dos terreos(contrato de arrendamento, documento de cesión, ou calquera outro documento que acredite a dispoñibilidade dos terreos para esta finalidade).

Documento acreditativo da representación:

Ames, ____ de _____ de 20

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

INSTRUCIÓNS XERAIS:

1. O impreso pódese cubrir a man (letra que sexa lexible) , enchendo os campos correspondentes.
2. Unha vez cuberto e **asinado**, presénteo nos rexistros do Concello de Ames.
3. Tamén pode ser presentado nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes, ou remitir mediante as formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

INSTRUCIÓNS PARTICULARES:

Representante: Os seus datos só se cubrirán cando se teña designada á representación que, deberá acreditarse con poder cumprido, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente ou por comparecencia.. "

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 24 de xaneiro de 2019, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria